

DECÁLOGO DE IMPULSO ECONÓMICO PARA GALICIA

Desde Galicia pedirémoslle ao novo goberno central que se comprometa a:

1. REVISIÓN INMEDIATA DO MODELO DE FINANCIAMENTO: MÁIS FINANCIAMENTO, MÁIS XUSTO, ESTABLE E CON MAIOR AUTONOMÍA

Impulsar un novo modelo de financiamento autonómico, que substitúa ao vixente (que tiña que ser revisado en 2014), comezando con carácter inmediato

- a)** Máis recursos para as comunidades autónomas, para reforzar o funcionamento dos servizos básicos do Estado de Benestar, e que permitan retornar nun prazo razoable aos nivel de financiamento do ano 2009.
- b)** A garantía dun tratamento igualitario do conxunto das CCAA: O conxunto dos recursos deben ser distribuídos entre as comunidades en función das unidades de necesidade (ou poboación axustada). Para a revisión dos criterios actuais, Galicia proporía o incremento das ponderacións das variables de dispersión e avellentamento, a inclusión dun factor de sobreavellentamento (con notable influencia na demanda e custes dos servizos sociais e da sanidade) e a utilización efectiva dos servizos públicos (sanidade, educación, servizos sociais), con relación inversa coa renda.

- c) Unha maior autonomía para as CCAA, que incluíría: As Comunidades Autónomas deben dispor da competencia para determinar, dentro de marxes razoables, os tipos da retención sobre o 50% do IRPF. O novo modelo de financiamento debe contemplar o establecemento dun cálculo das entregas a conta a cada comunidade que teña en conta o exercicio da súa capacidade normativa, para evitar que as decisións fiscais produzan efectos con dous anos de retraso.

Para mellorar a autonomía das comunidades e a modernización do sistema tributario, os tributos cedidos actuais deben ser transformados en tributos propios das comunidades, mantendo en todo caso as bases harmonizadas para evitar custos a cidadáns e empresas.

2. REFORMA DA LEI DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SOSTIBILIDADE FINANCEIRA E REFORMA DO FONDO DE LIQUIDEZ AUTONÓMICA (FLA)

- a) A distribución das cotas de déficit e débeda entre a Administración Xeral do Estado e as comunidades autónomas debería ter en conta a proporción do gasto (descontadas as transferencias ordinarias entre administracións) que asume cada unha delas. As comunidades deberían cando menos ver duplicadas esas cotas en termos de proporción sobre o PIB.
- b) A distribución entre comunidades das cotas de déficit e débeda que resulten debería ter en conta os ingresos non financeiros de cada unha e non o PIB, para reflectir de xeito máis adecuado a capacidade de devolución de cada autonomía.

- c) Aquelas comunidades autónomas que cumpren os límites de débeda e cun bo historial de cumprimento do déficit deberían estar autorizadas a incrementar os seus investimentos por riba da regra de gasto, sempre que estean orientados ao crecemento e supoñan un esforzo adicional sobre o exercicio precedente.
- d) O Fondo de Liquidez Autonómica (FLA) debe ser anulado a medio termo, unha vez normalizada a situación de acceso das comunidades aos mercados financeiros. Pero a súa xestión durante o período transitorio debería:
- Evitar que se transforme nunha vantaxe para aquelas comunidades que incumpriron os criterios de déficit e os límites de débeda de cara á renegociación do sistema de financiamento autonómico.
 - Evitar que incentive a continuidade da actual situación, acumulando débeda coa Administración Xeral do Estado nas comunidades incumpridoras.
 - Darlle acceso en condicións preferenciais aos recursos do Fondo ás Comunidades Autónomas, como Galicia, na medida en que sigan cumprindo cos límites de déficit, cando menos ata o límite de débeda autorizado ás Comunidades.

3. TRANSFORMACIÓN E REFORZO DO FONDO DE COMPENSACIÓN INTERTERRITORIAL

O Fondo de Compensación Interterritorial, previsto na Constitución de 1978, debería ser transformado nun auténtico Fondo Interrexional de Desenvolvemento (FIDE). A súa reforma tería que incorporar o incremento substancial dos recursos do mesmo, para que poida, a partir de 2021,

substituír nas comunidades de renda inferior á media, os recursos europeos para o desenvolvemento que perden as comunidades; tamén unha maior estabilidade do seu importe global, calculado como unha proporción dos ingresos non financeiros do Estado; que os seus obxectivos, prazos e procedementos se aproximasen aos do FEDER.

4. REFORZAMENTO DO NIVEL COMPETENCIAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

A Comunidade Autónoma de Galicia reclama o mesmo nivel competencial que as comunidades autónomas de réxime común con maior descentralización, e, en concreto, como prioritarias:

- a)** As transferencias de tráfico e policía autonómica.
- b)** A transferencia da inspección de traballo.
- c)** A transferencia da AP 9, ao ser unha infraestrutura básica para a comunicación entre 6 das 8 áreas urbanas máis importantes da Comunidade Autónoma de Galicia. A infraestrutura xa foi pagada polas peaxes no pasado. Este é o primeiro paso para conseguir modular o sistema de peaxes.

5. SECTOR ENERXÉTICO-ALCOA

- a)** A curto prazo: ampliación do prazo das subastas de interrumpibilidade a un mínimo de 3 anos.
- b)** Definición dun novo marco regulatorio do sector eléctrico que teña en conta aos grandes consumidores

estables de enerxía, para garantir a competitividade das plantas de ALCOA en Galicia.

6. DESENVOLVEMENTO RURAL, AGRICULTURA E PESCA

Abordar os problemas do sector lácteo desde o recoñecemento da súa importancia fundamental para a economía estatal, e especificamente para Galicia e outras Comunidades Autónomas, pola súa aportación ao PIB e moi especialmente pola súa contribución á sostibilidade medioambiental e do medio rural. E en consecuencia:

- a)** Incorporar garantías de cumprimento do acordo lácteo a través dun réxime sancionador.
- b)** Definir un precio “sostible” para cada eslabón da cadea de valor.
- c)** Dar transparencia a esa cadea de valor publicando os prezos a que compran industria e distribución.
- d)** Publicar un novo contrato tipo para poder establecer baremos en canto a calidades iguais para todas as industrias.
- e)** Crear a figura obrigatoria do Mediador que sirva para resolver disputas cando gandeiro e industria non cheguen a un acordo na negociación
- f)** Impulsar un programa específico para o apoio aos emprendedores que desenvolvan actividade e creen emprego no medio rural.

- g)** Potenciar as actividades das mulleres rurais, en particular aquelas relacionadas coa súa incorporación á actividade emprendedora.

No sector pesqueiro:

- a)** Impulsar con medidas de apoio o segmento da flota artesanal de pesca máis fráxil e de gran calado social, e aos mariscadores, a través de programas de modernización dos barcos, melloras de infraestruturas e servizos en terra e de diversificación das súas actividades.
- b)** Abordar un novo reparto máis equitativo dos dereitos de pesca, e especificamente das cotas de caballa e xurel e outras artes no caladoiro nacional Cantábrico-Noroeste, convocando as partes —administracións públicas e sector— para conseguir un mecanismo de reparto adecuado, consensuado, equilibrado e xusto.

7. SECTOR NAVAL

Unha nova estratexia para Navantia que supoña:

- a)** Continuar cos programas para a Armada Española e potenciar a exportación de buques militares.
- b)** Apostar polo sector das reparacións.
- c)** Impulsar a diversificación coa actividade da eólica marina, a fábrica de turbinas e a fábrica de motores.
- d)** Adecuar as instalacións para que o novo sistema produtivo funcione, facendo un estudo detallado das

necesidades de reformas, investimentos e desinvestimentos necesarios.

- e) Acabar coa situación de estancamento das relacións laborais co plantel de traballadores, abordando o seu dimensionamento e funcións, cun plantel auxiliar propio na cadea de montaxe e só empresas auxiliares para elementos externos, cun novo convenio colectivo único para todos os centros cunha duración non inferior aos 5 anos, e coa implantación dun novo sistema produtivo para mellorar en competitividade a través da aposta pola enxeñería e o I+D+i.

8. INFRAESTRUTURAS

- a) Reivindicar o cumprimento dos prazos estipulados para as obras do AVE, que se prorrogaron no tempo incumprindo sistemáticamente o previsto cando gobernaba o PSOE, e nas que no ano 2015 non se executou nin o 40% do que estaba orzamentado nas contas do Estado.
- b) Apostar por un modelo de conexión e vertebración territorial sustentado na intermodalidade en todas as cidades, e aunando a comunicación portuaria e ferroviaria na Coruña e Ferrol.

9. CULTURA E LINGUA

- a) Potenciar a exportación das industrias culturais galegas, un sector no que Galicia é potencia, tratando á nosa comunidade como referencia en España especialmente en mercados como o portugués-brasileiro.

- b)** Promover a difusión das linguas cooficiais a través do Instituto Cervantes, incrementando significativamente a oferta de cursos nestas linguas.

10. MEDIO AMBIENTE

- a)** Recuperar a protección do dominio público marítimo terrestre da Lei de Costas de 1987 e revisar as modificacións levadas a cabo polo Goberno do Partido Popular e os seus efectos sobre o litoral.
- b)** Revisar nese marco a Resolución adoptada pola Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente, pola que se outorga a prórroga da concesión de ocupación dos terreos nos que se ubica ENCE, en Pontevedra.
- c)** Impulsar os proxectos de rexeneración das rías e do resto do litoral galego comprometidos polo Estado e suspendidos ou atrasados. En concreto, dotar de partida orzamentaria suficiente o proxecto de Rexeneración da Ría de O Burgo (A Coruña), para poder proceder á realización das actuacións necesarias para a súa limpeza e rehabilitación nuns prazos determinados.